Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a aprobación do primeiro plan de igualdade da Xunta de Galicia. (Procedemento de urxencia)

- 22589 - 12932 (11/PRE-004744)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co proxecto de construción dunha senda peonil e ciclista na estrada OU-402, no treito de Reza

- 22062 - 13423 (11/PRE-004773)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da ampliación do número actual de celadores gardapeiraos de Portos de Galicia e a mellora e estabilización da súa situación laboral

- 22060 - 13447 (11/PRE-004775)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do número de traballadores que ten o ente público Portos de Galicia e da súa situación laboral

- 22351 - 13509 (11/PRE-004786)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o cumprimento do acordo parlamentario do 13 de marzo de 2019 referido á incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública galega

- 22350 - 13588 (11/PRE-004797)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da redifinición da planificación das obras da Concellería de Infraestruturas e Mobilidade no contorno do pavillón dos Remedios, nomeadamente no contorno da ponte romana e do futuro Skate Park, en Ourense

- 22347 - 13642 (11/PRE-004805)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a elaboración e aprobación dun plan de apoio ás autónomas e pemes do concello de Ourense



- 22587 - 13748 (11/PRE-004820)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade dun gran pacto galego pola industria co obxectivo de reactivar a economía e modernizar o modelo produtivo cara á transición ecolóxica e a transformación dixital

- 22585 - 13939 (11/PRE-004842)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a aprobación e entrada en vigor do novo plan de seguridade viaria 2021-2025

- 22345 - 14299 (11/PRE-004883)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para reverter a situación laboral da mocidade de Galicia

- 22582 - 14349 (11/PRE-004890)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre a consideración pola Xunta de Galicia da posibilidade de constituír unha mesa galega da automoción para a elaboración dun plan galego para o sector

- 22343 - 14374 (11/PRE-004892)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da implementación da convocatoria para o ano 2021 das axudas e subvencións destinadas aos concellos e orientadas ao fomento do emprego e á mellora da empregabilidade. (Procedemento de urxencia)

- 22341 - 14544 (11/PRE-004912)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das subvencións convocadas nos últimos cinco anos para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración cos concellos

- 22579 - 15457 (11/PRE-004977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre os criterios da Xunta de Galicia para designar o novo director ou directora xerente do recinto de Expoureense

- 22121 - 15553 (11/PRE-004982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis



Sobre as consideracións da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de retirar e tratar en terra os lodos da canle do río Lérez

- 22179 - 15563 (11/PRE-004983)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o custo da concertación de prazas en residencias de maiores e outros Servizos sociais

- 22339 - 15576 (11/PRE-004986)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para asinar o convenio co Goberno para recibir os fondos previstos para axudas directas a empresas e autónomos en resposta á pandemia da covid-19

- 22577 - 16047 (11/PRE-005031)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das necesidades do Instituto de Educación Secundaria de Chapela

- 22576 - 16048 (11/PRE-005032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia ante o Goberno central para resolver o apantallamento acústico da AP-9 ao seu paso pola área urbana de Vigo

- 22337 - 16100 (11/PRE-005039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a conservación do patrimonio histórico-arquitectónico de Galicia

- 22574 - 16115 (11/PRE-005041)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto das estradas AC-453 e AC-406

- 22573 - 16120 (11/PRE-005042)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a redacción do proxecto de construción da senda peonil e ciclista na PO-313, en Moaña

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:42:36
Nº Rexistro: 22120
Data envío: 20/09/2021 12:42:36.718
Data 20/09/2021 12:42

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 15572**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as axudas económicas recibidas polo Grupo Cándido Hermida e as previsións da Xunta de Galicia respecto dos despedimentos que se produciron neste grupo empresarial”**, (publicada no BOPG número 135 do 6 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A finais do mes de maio, e a petición da CIG mantense unha reunión con representantes do sindicato CIG e posteriormente coa representación da empresa, a cal confirma os despedidos e informa que estes foron obxecto de demanda ante a xurisdición social e se está á espera das sentencias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:42:36
Nº Rexistro: 22120
Data envío: 20/09/2021 12:42:36.718

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:42:29

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:23:16
Nº Rexistro: 22421
Data envío: 22/09/2021 13:23:16.147
Data 22/09/2021 13:23

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 15577**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para asinar o convenio co Goberno para recibir e transferir os fondos previstos para axudas directas a empresas e autónomos en resposta á pandemia da covid-19”**, (publicada no BOPG número 135, do 6 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 26 de abril a Xunta de Galicia asinou o convenio co Ministerio de Facenda e a Axencia Estatal de Administración Tributaria, que permitiu a transferencia a Galicia dos fondos estatais, uns fondos que a pesar de contribuír á activación dunha terceira edición do Plan rescate, o seu reparto primeiro e os criterios complexos e ríxidos despois, están a dificultar o acceso ás axudas por parte dos solicitantes.

Por ese motivo, o Goberno galego remitiu á vicepresidenta primeira e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, e á ministra de Facenda e Función Pública, varias misivas nas que se solicita a modificación do Real Decreto-lei 5/2021 do 12 de marzo para que as axudas económicas do terceiro Plan de rescate cheguen aos sectores afectados pola covid-19.

Nas misivas, o Goberno galego demanda que se flexibilicen as condicións de acceso a estes apoios, insistindo en que se elimine a necesidade de que as axudas estean destinadas ao pago das débedas, esixindo simplemente un descenso na caída do volume de operacións do 30% en 2020 con respecto a 2019; e que tamén se rexeiten os criterios porcentuais polos que se calcula a contía máxima a percibir, determinados no artigo 3.2 do Real Decreto.



Xacobeo 21-22

Páxina 1 de 2

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
22/09/2021 13:23:12

81404





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:23:16
Nº Rexistro: 22421
Data envío: 22/09/2021 13:23:16.147

Para acceder a estes apoios debería ser suficiente con que concorra o requisito de especial afección pola pandemia, xustificado por unha caída do volume de facturación, sen necesidade de concretar o destino que debe darse ás axudas por parte dos beneficiarios. Así se fixo nos dous primeiros plans de rescate deseñados pola Xunta con fondos autonómicos e a través dos que se mobilizaron máis de 416 millóns de euros.

Ademais, destácase que a través dos dous plans de rescate autonómicos rexistráronse máis de 80.000 solicitudes (aproximadamente 40.000 en cada convocatoria) fronte ás 4.000 do terceiro plan (un 90% menos). Por ese motivo, desde a Xunta impulsáronse medidas de flexibilización que facilitan o seu acceso como por exemplo a ampliación do prazo de solicitude ata o 30 de setembro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:23:16
Nº Rexistro: 22421
Data envío: 22/09/2021 13:23:16.147

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:23:12

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:42:24
Nº Rexistro: 22119
Data envío: 20/09/2021 12:42:203
Data 20/09/2021 12:42

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 15762**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións do Goberno Galego ante a perda continuada de postos de traballo no sector do comercio téxtil en Galicia e, máis concretamente da empresa H&M”**, (publicada no BOPG número 139, do 14 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 26 de maio de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 15759 sobre as actuacións do Goberno galego ante a perda continuada de postos de traballo no sector do comercio téxtil en Galicia a proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia no Pleno do Parlamento galego.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzRkNTdjYWQTYWUzZi00YTE4LThtMTMtMGJhM2NmNDMzNTA3&start=755>

Para Galicia, o comercio en xeral e o comercio de proximidade moi en particular é unha peza esencial da economía e do emprego. Así, traballamos para dar a máxima cobertura posible ás necesidades dos autónomos e as pemes galegas do sector, mediante actuacións que van desde axudas directas ao sector, axudas ao fomento do consumo, ou para modernizar e dixitalizar o sector do comercio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:42:24
Nº Rexistro: 22119
Data envío: 20/09/2021 12:42:24.203

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:42:20

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 15801**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da posible convocatoria de folga no sector da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña”**, (publicada no BOPG número 139, do 14 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 11 de maio de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta urxente 15673 sobre as condicións económicas e de traballo do persoal de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña a proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego no Pleno do Parlamento galego.

Segundo o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Traballadores, e no seu artigo 82 referido a “concepto e eficacia”, establécese o seguinte:

- Os convenios colectivos, como resultado da negociación desenvolta polos representantes dos traballadores e dos empresarios, constitúen a expresión do acordo libremente adoptado por eles en virtude da súa autonomía colectiva.
- Mediante os convenios colectivos, e no seu ámbito correspondente, os traballadores e empresarios regulan as condicións de traballo e de produtividade. Igualmente poderán regular a paz laboral a través das obrigacións que se pacten.
- Os convenios colectivos regulados por esta lei obrigan a todos os empresarios e traballadores incluídos dentro do seu ámbito de aplicación e durante todo o tempo da súa vixencia.

A Administración autonómica non pode nin debe inmiscirse nas negociacións que se manteñen entre a patronal e os traballadores. Porén, sempre intenta garantir que os



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:42:14
Nº Rexistro: 22118
Data envío: 20/09/2021 12:42:14.953

traballadores saiban que teñen á súa disposición tanto a Dirección Xeral de Relacións Laborais como o Consello Galego de Relacións Laborais, para calquera consulta técnica, xestión ou axuda na negociación coa patronal.

Respecto ás condicións que garante a Xunta de Galicia a través dos contratos mantidos para a limpeza dos edificios administrativos de titularidade autonómica na provincia da Coruña, que ademais de respectar as condicións establecidas no convenio colectivo, as mellora:

- Así, en canto á retribución mensual (12 mensualidades) o convenio provincial establece 1.298,98 € e Xunta paga 1.438,62 €. É dicir, un 10,7% máis.
- Tamén ofrece un complemento mensual por antigüidade (ao persoal cunha media de 6 trienios) de 187,5 €. Condición que non se contempla no convenio provincial.
- En canto á posibilidade de dispoñer de días por asuntos propios, a Xunta ofrece 11 días retribuídos mentres que non se contempla ningún no convenio provincial.
- No relativo ás vacacións, teríamos por unha banda os 30 días naturais do convenio provincial e por outra o mes natural máis dous días adicionais da Xunta.
- E por último, no referido á xornada de traballo, habería que comparar as 39 horas semanais do convenio provincial fronte as 37,5 horas semanais durante 9 meses e as 30 horas semanais durante 3 meses que estipula a Xunta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:42:14
Nº Rexistro: 22118
Data envío: 20/09/2021 12:42:14.953

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:42:11

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:42:06
Nº Rexistro: 22117
Data envío: 20/09/2021 12:42:06.578
Data 20/09/2021 12:42

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 16021**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsions da Xunta de Galicia en relación co estado do protocolo de actuacións sobre delitos sexuais do Partido Xudicial de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 141 do 20 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“De acordo coa Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a violencia sexual e os abusos sexuais constitúen unha forma de violencia de xénero e, polo tanto, as persoas vítimas de violencia sexual e abusos sexuais teñen a condición de vítimas de violencia de xénero.

Ao amparo deste marco lexislativo, e como parte dos traballos realizados polo Observatorio Galego da Violencia de Xénero (GT4.- Pautas para a prevención e o tratamento das distintas formas de violencia sexual), estudouse, en colaboración co partido xudicial de Santiago de Compostela, a posibilidade de elaborar un protocolo de actuación ante delitos de violencia sexual, que sería de aplicación no ámbito xudicial.

Consciente da singularidade da violencia sexual e dos abusos sexuais como unha forma específica de violencia de xénero, dentro da enquisa sobre a percepción da violencia de xénero en Galicia, presentada en novembro de 2020, dedicouse un apartado específico á violencia sexual, cuxos resultados revelan que, en relación aos motivos que a cidadanía considera como desencadeamento da violencia sexual, o maior grao de acordo (todos por enriba do 80%) maniféstase co ‘machismo imperante na sociedade’, os ‘problemas psicolóxicos ou mentais dos agresores’, a ‘falta de autocontrol do agresor’ e o ‘abuso de



Xacobeo 21-22

Páxina 1 de 3

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
20/09/2021 12:42:03

81412





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:42:06
Nº Rexistro: 22117
Data envío: 20/09/2021 12:42:06.578

alcohol e drogas' dos agresores. Menor consideración obteñen os que se poden definir como motivos vinculados directamente ao comportamento sexual.

Polo tanto, o Goberno galego continúa a achegar esforzos e recursos para darlle unha atención específica e especializada ás vítimas de delitos sexuais. Neste senso, no eido da atención ás vítimas de violencia sexual, ademais de seguir operativo o Servizo de apoio psicolóxico a vítimas de violencia sexual, priorizando o mantemento e o contacto permanente con todas as usuarias, tamén se manteñen todos os programas específicos destinados á súa atención, como o Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, desenvolvido pola Fundación Meniños en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade, cuxas destinatarias son mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, que mostran desaxustes físicos, emocionais, condutuais e de relación como consecuencia do abuso, así como os seus familiares ou persoas que, baixo o consentimento da vítima, teñen un papel imprescindible na súa recuperación, e cuxo obxectivo é promover o seu desenvolvemento dun contexto de seguridade e de prevención de novas situacións traumáticas; acompañar ás mulleres na adquisición de información e habilidades para afrontar as consecuencias do abuso; elaborar dunha narrativa adecuada do trauma e promover a integridade da identidade e benestar bio-psico-social.

Estes programas complementáanse co desenvolvemento de accións de sensibilización e prevención, así como de atención e apoio a vítimas de violencia sexual e trata, mediante convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro, pertencentes á Rede Galega contra a Trata.

Compre sinalar tamén a posta en funcionamento da App Agresión OFF: Eu digo non á violencia sexual', unha App da Xunta de Galicia desenvolta en colaboración co Colexio de Enxeñería de Galicia, con información útil e consellos para evitar e prever agresións sexuais, así como pautas para saber a onde dirixirse para maior apoio e información, que inclúe un decálogo contra a violencia sexual e un directorio, así como teléfonos e información.

Por outra banda, sinálase que no marco do Grupo de traballo 1, constituído dentro do Observatorio Galego da violencia de Xénero, levouse a cabo o deseño e redacción do Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, para facilitar a coordinación e colaboración entre as



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:42:06
Nº Rexistro: 22117
Data envío: 20/09/2021 12:42:06.578

distintas entidades e axentes que interveñen no eido da violencia de xénero e garantir unha atención integral ás mulleres e menores que a sofren.

Como recurso complementario a este protocolo, a Secretaría Xeral da Igualdade, en colaboración coa AMTEGA, puxo en marcha o Mapa de recursos en liña na área da violencia de xénero. Na xuntanza do Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, do 20 de marzo de 2018, incorporáronse ao texto do Protocolo as achegas realizadas pola Fiscalía Xeral do Estado, e validouse definitivamente o dito Protocolo. Dentro do protocolo identificáronse propostas de mellora e recomendacións dirixidas a cada unha das áreas obxecto de estudo e análise. Así, establécense propostas no eido da formación e da capacitación nas áreas sanitaria, das forzas e corpos de seguridade, xurídica e social. Así mesmo, tamén se identifican propostas de actuación no eido da atención das mulleres e menores que sofren violencia de xénero, dirixidas a cada unha desas áreas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:42:06
Nº Rexistro: 22117
Data envío: 20/09/2021 12:42:06.578

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:42:03

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:57
Nº Rexistro: 22116
Data envío: 20/09/2021 12:41:57.922
Data 20/09/2021 12:41

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 16262**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións realizadas polo Goberno galego para evitar ou minimizar o expediente de regulación e emprego da mercantil H&M en Galicia”**, (publicada no BOPG número 144, do 26 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 26 de maio de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 15759 sobre as actuacións do Goberno galego ante a perda continuada de postos de traballo no sector do comercio téxtil en Galicia a proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia no Pleno do Parlamento galego.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzRkNTdjYWQYtYWUzZi00YTE4LThtMTMtMGJhM2NmNDMzNTA3&start=755>

Para Galicia, o comercio en xeral e o comercio de proximidade moi en particular é unha peza esencial da economía e do emprego. Así, traballamos para dar a máxima cobertura posible ás necesidades dos autónomos e as pemes galegas do sector, mediante actuacións que van desde axudas directas ao sector, axudas ao fomento do consumo, ou para modernizar e dixitalizar o sector do comercio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 21-22

Páxina 1 de 1

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
20/09/2021 12:41:53

81416

CSV: BOPGDSPG9UJmIG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:57
Nº Rexistro: 22116
Data envío: 20/09/2021 12:41:57.922

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:41:53

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:48
Nº Rexistro: 22115
Data envío: 20/09/2021 12:41:48.406
Data 20/09/2021 12:41

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 16556**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a implementación de medidas que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas da violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 148, do 3 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 22 de xuño de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 16554 sobre a implementación de medidas que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas da violencia de xénero a proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia no Pleno do Parlamento galego.

Neste sentido, destácase que a normativa vixente recolle a asistencia xurídica gratuíta das mulleres vítimas de violencia de xénero dun xeito inmediato e gratuíto, sen estar condicionado aos seus recursos para litigar.

Deste modo, son os colexios, corporacións de dereito público, que non están sometidas a control por parte da Xunta de Galicia, os que deben velar pola regularidade das condicións que teñen que ostentar os seus colexiados, sen que esta vixilancia e actuación se deba supeditar a unha decisión, protocolo ou convenio coa Administración autonómica, dado que é unha actuación debida dos colexios segundo as normas a aplicar.

En todo caso, a Xunta mantén un firme compromiso coa protección do acceso á xustiza das vítimas de violencia de xénero. Desde a aprobación, no ano 2013, do Acordo para o exercicio da acción popular pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos procedementos penais en casos de morte por causa de violencia de xénero, foron 19 as personacións realizadas.



Xacobeo 21-22

Páxina 1 de 2

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
20/09/2021 12:41:45

81418





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:48
Nº Rexistro: 22115
Data envío: 20/09/2021 12:41:48.406

Pero tamén cabe mencionar a atención xurídica ofertada a través dos Centros de Información ás Mulleres (CIM) de Galicia, onde o balance do ano 2020 amosa 76.180 consultas e 15.920 persoas atendidas, a maioría nas áreas de atención psicolóxica e xurídica.

E máis, hai que destacar a creación de 7 oficinas de atención ás vítimas dos delitos (situadas en sede xudicial), que contan con profesionais da psicoloxía desde o ano 2019 e que se viron ampliadas o pasado ano coa contratación de 7 traballadores sociais. Oficinas que, no 2020, atenderon a 132 mulleres vítimas da violencia machista.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:48
Nº Rexistro: 22115
Data envío: 20/09/2021 12:41:48.406

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:41:45

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:23:05
Nº Rexistro: 22420
Data envío: 22/09/2021 13:23:05.412
Data 22/09/2021 13:22

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 16796**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a supresión do servizo de limpeza e desinfección de media mañá nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia na provincia de Ourense”**, (publicada no BOPG número 152, do 9 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Para a prestación do servizo de reforzo de limpeza COVID na provincia de Ourense realizouse un contrato adicional de limpeza cunha duración desde o 1 de xaneiro ata o 15 de maio de 2021 en atención á evolución da pandemia e os cambios nas medidas e protocolos que se ían producindo nas diferentes etapas e continxencias derivadas pola afectación da pandemia nos servizos activos e que provocaban diferentes respostas, obrigas, demandas de servizos determinados e accións específicas para facerlle fronte en cada momento puntual e concreto.

Como os protocolos non variaron, iniciouse a modificación do contrato de limpeza en vigor, tempo no que se empregaron as horas adicionais contratadas para imprevistos no contrato de limpeza xeral, para non deixar de prestar este servizo de reforzo de limpeza nas dúas oficinas con maior tamaño e volume de persoas usuarias da provincia, Ourense A Ponte e Ourense Centro.

De novo o 16 de xuño de 2021 xa está en funcionamento o servizo de reforzo de limpeza COVID para a provincia de Ourense e engadido dentro do contrato de limpeza en vigor.

Por iso, e pensando saúde e benestar dos galegos e galegas, nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia en todas as súas provincias ademais do máis arriba sinalado para Ourense, na Coruña, Lugo e Pontevedra, segue a prestarse con normalidade





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:23:05
Nº Rexistro: 22420
Data envío: 22/09/2021 13:23:05.412

este servizo adicional de limpeza namentres a situación derivada da pandemia requira do mesmo nos servizos activos, a fin de garantir a salubridade e o cumprimento dos protocolos expresamente indicados para asegurar a actividade laboral ordinaria dos servizos anteriormente citados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:23:05
Nº Rexistro: 22420
Data envío: 22/09/2021 13:23:05.412

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:22:58

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:40
Nº Rexistro: 22114
Data envío: 20/09/2021 12:41:40.328
Data 20/09/2021 12:41

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 16868**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións da Xunta de Galicia en relación co peche das tendas do Grupo Industria de Diseño Textil S.A. en Ferrol e A Coruña”**, (publicada no BOPG número 152 do 9 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“En xullo do 2021 mantivéronse reunións coa dirección de RRHH do grupo Inditex, e manifestaron que non se van a pechar tendas en Galicia durante o ano 2021. Así mesmo, trasladóuselles a petición de mantemento do maior número posible de tendas en Galicia.

O grupo ten constituído unha mesa informativa con reunións trimestrais sobre o peche de tendas en Galicia coas organizacións sindicais asinantes do acordo de outubro do 2020, CCOO e UXT.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:40
Nº Rexistro: 22114
Data envío: 20/09/2021 12:41:40.328

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:41:36

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:34:30
Nº Rexistro: 22456
Data envío: 22/09/2021 13:34:30.615
Data 22/09/2021 13:34

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 17006**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para atender a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero que viven no rural”**, (publicada no BOPG número 156, do 17 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Cabe poñer de relevancia o papel das mulleres na consolidación do medio rural e na reactivación da súa economía e fornecemento das oportunidades, así pois será clave no VIII Plan Estratéxico de Igualdade que está a elaborar o Goberno galego.

Dentro das áreas prioritarias da Administración autonómica, está favorecer a loita contra a violencia de xénero por medio de varios convenios de colaboración asinados coas federacións que representan ás mulleres rurais de Galicia como a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (Fademur), Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (Femuro) ou a Federación para a Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (Femupo), ademais da Federación de Redeiras O Peirao.

Dentro das vías de actuación que a Xunta leva implementadas están, desde o ano 2016, as axudas a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero, a Xunta sumou a estas axudas económicas as destinadas ao alugueiro de vivenda e ao fomento da contratación nas entidades locais galegas de mulleres vítimas de violencia de xénero, destacando o número de insercións nos concellos do rural.

Galicia, ademais, conta cunha rede de 84 Centros de Información á Muller (CIM), grazas á incorporación de dous novos recursos no rural, en Carballeda de Avia e no concello de O Pereiro de Aguiar, que garanten un servizo de proximidade na atención contra as violencias con apoio xurídico e psicolóxico ás vítimas.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:34:30
Nº Rexistro: 22456
Data envío: 22/09/2021 13:34:30.615

Así mesmo cabe destacar o acordo de colaboración para este 2021, entre a Consellería do Medio Rural e a Consellería de Emprego e Igualdade, a través do cal a Xunta investirá 250.000 euros (máis do dobre con respecto ao acordo asinado en 2019), en accións de formación, prevención e sensibilización para facer fronte á violencia de xénero no medio rural.

Un acordo que supón renovar o compromiso do Goberno galego para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

En concreto, se levarán a cabo distintas actuacións, como a elaboración de material específico para a prevención e a sensibilización fronte á violencia de xénero, así como para o apoio e información das vítimas, ademais da elaboración de campañas relacionadas coa loita contra a violencia machista, de charlas divulgativas ou dunha acción de difusión en redes orientada ás mulleres maiores do rural. Así mesmo, contéplanse actividades formativas como a formación técnica sobre programas de inserción laboral para vítimas de violencia de xénero, ademais da organización dunha xornada de conclusión de resultados coa participación e colaboración dos 24 grupos de desenvolvemento rural da comunidade. Nos últimos dous anos este programa chegou a máis de 3.600 mulleres e a máis de 5.200 menores en toda Galicia.

En conclusión, o empoderamento das mulleres rurais, o traballo a prol do fornecemento da súa participación e inserción laboral e asociativa son claves para entender un rural próximo, con garantía de futuro e cohesionado en base á redución da fenda de xénero existente no emprego e no emprendemento, tendo por metas, unha mellora da calidade da vida das mulleres rurais e no conxunto da Comunidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:34:30
Nº Rexistro: 22456
Data envío: 22/09/2021 13:34:30.615

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:34:26

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:32
Nº Rexistro: 22113
Data envío: 20/09/2021 12:41:32.328
Data 20/09/2021 12:41

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 17094**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da aplicación da lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero”**, (publicada no BOPG número 156, do 17 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 22 de xuño a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta urxente número de rexistro 17281 sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do cumprimento da Lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero á proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego no Pleno do Parlamento de Galicia.

Sobre este asunto cabe destacar que Galicia foi a primeira comunidade que contou cunha lei (lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia) que consolida o principio da igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI.

A Xunta de Galicia está a traballar da man das asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero. De feito, o pasado 6 de xullo o Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero referendou un comunicado no que amosa o seu firme compromiso por acadar unha Galicia inclusiva, xusta, igualitaria e tolerante, na que non se admitan retrocesos na protección dos dereitos das persoas LGTBI.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:32
Nº Rexistro: 22113
Data envío: 20/09/2021 12:41:32.328

O Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero é un órgano colexiado, con carácter consultivo e de participación social. Está integrado pola Xunta, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), as tres universidades galegas, os sindicatos UXT, CCOO, CDIF e CIG e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). Ademais é un órgano aberto á participación de todas as entidades que traballan na Comunidade na defensa do colectivo LGTBI, e conta actualmente con presenza de Nós Mesmas, Casco A Coruña, A.L.A.S. A Coruña, LesCoruña, Avante LGTB, Chrysallis Galicia, Pvlse de Vigo e a Rede educativa de apoio LGTBI+ de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:32
Nº Rexistro: 22113
Data envío: 20/09/2021 12:41:32.328

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:41:28

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 10:28:40
Nº Rexistro: 22082

Data envío: 20/09/2021 10:28:40.911

Data 20/09/2021 10:28



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 17140**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para atenuar o impacto das inclemencias meteorolóxicas de febreiro na actividade marisqueira das ría galegas”**, (publicada no BOPG número 156 do 17 de xuño de 2021), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O 3, o 5 e o 8 de febreiro de 2021 o DOG publicada tres liñas de axudas e que contan cun orzamento global de preto de 2,3 millóns de euros para actuacións como as sementeiras de bivalvos co obxectivo de mellorar a produtividade dos areais.

Estes apoios poden destinarse a proxectos que mitiguen o impacto das condicións meteorolóxicas adversas provocadas polos sucesivos temporais do mes de febreiro de 2021, que provocaron certa mortalidade nos bancos e debilitaron o marisco como consecuencia do seu desprazamento das zonas nas que estaba asentado así como pola baixa salinidade da auga- e unha vez se coñezan con exactitude os efectos destes episodios, podería incrementarse o crédito destas achegas ou habilitar apoios adicionais para o sector.

A primeira das ordes de achegas publicadas polo DOG é a destinada a proxectos colectivos para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sostibles. Esta liña de axudas, cun orzamento dun millón de euros e cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), está destinada ás confrarías de pescadores e demais entidades asociativas do sector que sexan titulares de plans de xestión de recursos marisqueiros.

Entre as actuacións subvencionables que inclúe están a repoboación ou reintrodución de especies autóctonas, polo que permite as sementeiras para recuperar os bancos que






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 10:28:40
Nº Rexistro: 22082
Data envío: 20/09/2021 10:28:40.911



presenten elevadas mortalidades. A elas súmanse outras accións como as destinadas a previr, controlar ou eliminar especies exóticas invasoras ou a reducir a contaminación.

A segunda liña de apoios, cun orzamento de 300.000 euros e financiados integramente con fondos propios, é para proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan a unha mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños. Novamente, os potenciais beneficiarios son as confrarías e as entidades asociativas do sector titulares dos plans de xestión e entre as accións subvencionables está a adquisición de semente para repoboar os bancos marisqueiros con perda de produción.

A estas dúas convocatorias de axudas súmase unha terceira destinada a proxectos colectivos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades pesqueiras sustentables mediante a recollida de residuos mariños. Neste caso os apoios, cun orzamento de 980.000 euros e cofinanciados polo FEMP, teñen como posibles beneficiarios as confrarías de pescadores e demais entidades asociativas do sector, as organizacións non gobernamentais (ONG) xunto ás entidades do sector ou as ONG da man dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP).

Estas achegas, que se convocan por segundo ano, permiten financiar entre 2021 e 2022 accións de recollida no mar de artes de pesca e residuos, a compra e instalación de equipamentos para a recollida e almacenaxe de lixo mariño, a creación de sistemas de recollida de residuos ou a comunicación, información e campañas de sensibilización así como a formación neste eido.

Entre eses apoios inclúense compensacións directas ás mariscadoras e mariscadores a pé así como á frota de artes menores pola recollida activa de lixo. As compensacións diarias no caso do marisqueo equivalen aos ingresos medios da súa actividade por día de faena no trienio 2017-2019 e en función da súa área xeográfica.

Á marxe das convocatorias de axudas xa vixentes, a Consellería do Mar está a traballar nun proxecto para crear minicriadeiros de semente de bivalvos en distintos puntos do litoral de Galicia cos que paliar a insuficiente dispoñibilidade actual para cubrir a demanda do sector



Xacobeo 21-22






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 10:28:40
Nº Rexistro: 22082
Data envío: 20/09/2021 10:28:40.911



coa finalidade de recuperar os bancos marisqueiros. Trátase dunha iniciativa na que o Executivo galego está a traballar xunto co Clúster da Acuicultura de Galicia e coas federacións de confrarías de pescadores galegas co fin de aumentar a produción, impulsar a produtividade dos bancos marisqueiros, elevar os ingresos do sector e crear novos postos de traballo no sector”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 10:28:40
Nº Rexistro: 22082
Data envío: 20/09/2021 10:28:40.911

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 10:28:37

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:24
Nº Rexistro: 22112
Data envío: 20/09/2021 12:41:24.047
Data 20/09/2021 12:41

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 17316**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego contra a violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 159, do 24 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Os asasinatos machistas en España poñen de manifesto que a violencia de xénero é unha lacra que non coñece de barreiras territoriais, administrativas, xeracionais, económicas nin de ningún outro tipo, e que lle afecta a todos os estratos sociais e a todo o conxunto do Estado español, polo que é preciso seguir profundando na colaboración de todas as administracións públicas implicadas, estatais, autonómicas e locais, así como de toda a cidadanía para erradicar a lacra da violencia machista.

Neste sentido, o 19 de febreiro de 2021 reuniuse o Grupo de Traballo 4, ‘Pautas para a prevención e o tratamento das distintas formas de violencia sexual’, constituído dentro do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, coa finalidade de proporlle ás entidades integrantes do grupo de traballo unha relación de boas prácticas no ámbito da prevención e o tratamento da violencia sexual e solicitar a súa colaboración para obter achegas, suxestións e propostas para orientar a elaboración de estratexias, materiais de traballo ou calquera outra ferramenta que axude a previr a violencia sexual e a mellorar o apoio ás súas vítimas.

Ademais o 22 de febreiro de 2021, reuniuse o Pleno do Observatorio Autonómico, no que se deu conta do Plan de reforzo da atención ás vítimas de xénero durante o estado de alarma 2020, do resultado da enquisa percepción social da violencia de xénero en Galicia 2020 e informouse sobre as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero executadas ao longo de 2019, entre outras actuacións.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:24
Nº Rexistro: 22112
Data envío: 20/09/2021 12:41:24.047

Así mesmo, o 16 de abril de 2021 tivo lugar a sexta reunión da Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista, órgano dependente do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, coa finalidade de dar conta das últimas denuncias presentadas en materia de publicidade sexista e asesorar e orientar ás entidades, asociacións e demais axentes publicitarios para eliminar o sexismo nas mensaxes publicitarias e incorporar accións positivas que cooperen na erradicación de todo tipo de discriminación por razón do sexo das persoas.

Por outra banda, no contexto da pregunta parlamentaria, tanto a formación en igualdade como a educación afectivo-sexual son dúas medidas non só fundamentais, senón tamén básicas, para loitar contra a violencia de xénero, e así está recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, que dentro do seu título I, dedicado á prevención da violencia de xénero, regula de xeito específico no capítulo II a formación en materia de violencia de xénero e no capítulo III as medidas no ámbito educativo.

Deste xeito, un ano máis a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade, convocou o programa de actividades de formación continua en materia de igualdade e violencia de xénero do ano 2021, dirixido ao persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma, das entidades públicas instrumentais, da Administración institucional e da Administración de xustiza de Galicia, das entidades locais e de administración e servizos das tres universidades do Sistema universitario de Galicia. Xunto a este programa da EGAP deben terse en conta as actuacións formativas específicas en materia de violencia de xénero que realizan outros organismos e entidades do sector público autonómico dirixidos ao seu persoal, como o SERGAS, a Axencia Galega de Seguridade Pública ou a Consellería Cultura, Educación e Universidades.

Así mesmo, no ámbito educativo e en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidades, a Secretaría Xeral da Igualdade está desenvolver novamente dous programas educativos dentro do denominado Plan Proxecta: 'Por 365 días de respecto e igualdade' e 'Donas de si'. O programa 'Por 365 días de respecto e igualdade' está destinado para alumnado de ESO, Bacharelato, FP e adultos e o seu obxectivo principal é proporcionarlle ás mozas e mozos galegos, desde a escola, formación e ferramentas que lles permitan coñecer e recoñecer a violencia contra as mulleres, e actuar na súa prevención, fomentando a autoestima, a autonomía, o coñecemento da construción social das súas identidades sexuais e a asignación de roles, o que permitirá traballar na eliminación de estereotipos sexistas e de



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:24
Nº Rexistro: 22112
Data envío: 20/09/2021 12:41:24.047

falsas crenzas. Este programa reforzarase no curso 2021-2022 cunha nova ferramenta virtual 'Algo entre Nós', plataforma interactiva que alberga recursos e materiais centrados na prevención da violencia machista no contexto das relacións sexuais e afectivas de adolescentes.

Pola súa banda, 'Donas de si', destinado ao alumnado de primaria, ESO, Bacharelato, ciclos e adultos, ten como obxectivo principal a visibilización e posta en valor da participación e produción das mulleres como pezas fundamentais na configuración e no desenvolvemento da sociedade galega contemporánea, de xeito que se recoñeza o seu papel político, social, artístico, científico e cultural e se supere a visión tradicional que presenta as súas achegas como puramente anecdóticas ou secundarias.

Ademais, no que respecta á educación afectivo-sexual, o programa 'Quérote+', desenvolvido pola Consellería de Política Social, a través dunha colaboración entre os centros de ensino e os centros Quérote+, busca dotar de ferramentas ao profesorado para o desenvolvemento persoal do alumnado no seu proceso de crecemento e maduración no ámbito da educación para a convivencia entre os sexos (educación sexual, modelos de amor e de parella, uso das tecnoloxías nas relacións...). Para acadar o tratamento curricular da educación afectivo-sexual integral e lograr un maior impacto educativo, o programa propón realizar un proxecto interdisciplinario integrado en distintas programacións didácticas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:24
Nº Rexistro: 22112
Data envío: 20/09/2021 12:41:24.047

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:41:20

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:14
Nº Rexistro: 22111
Data envío: 20/09/2021 12:41:14.578
Data 20/09/2021 12:41

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 17354**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego respecto do reforzo dos servizos de información e atención a mulleres en situación de violencia machista”**, (publicada no BOPG número 159, do 24 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Coa finalidade de solucionar a problemática reflectida no informe remitido o Parlamento sobre o impacto de xénero da covid-19 e medidas a adoptar para paliar e corrixir as desigualdades entre mulleres e homes. Durante o período de pandemia no pasado ano 2020, e durante este ano 2021, continuaron realizándose e manténdose todas actuacións autonómicas en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, medidas que se viron reforzadas durante a declaración do estado de alarma para non deixar ás mulleres desprotexidas con motivo da situación de pandemia.

Finalizado o estado de alarma en España, lanzouse a campaña co lema ‘Seguimos en alerta fronte á violencia de xénero’, para reforzar a idea de que os servizos públicos seguían operativos e estaban ao 100% do seu rendemento, unha mensaxe para non baixar a garda, e tras o estado de alarma e deixar claro que a sociedade e as institucións seguen en alerta fronte a violencia de xénero.

Polo tanto, é importante salientar o mantemento de todos os servizos de información, atención e prevención da violencia machista, e facer chegar ás mulleres vítimas e a toda a sociedade que eses servizos seguen plenamente operativos e á súa disposición a pesar das medidas e restricións consecuencia da pandemia da covid-19.

Respecto dos Centros de Información ás Mulleres, sinalar que, de acordo co Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:14
Nº Rexistro: 22111
Data envío: 20/09/2021 12:41:14.578

e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, son un recurso de titularidade municipal, polo tanto, correspóndelle ás entidades locais (concellos, mancomunidades, etc) a iniciativa da súa creación, sendo competencia da Xunta de Galicia verificar os requisitos para o seu recoñecemento e acreditación. A finais do ano 2020 acreditouse un novo CIM no Concello de O Pereiro de Aguiar e a principios do ano 2021 no Concello de Carballeda de Avia, ambos os dous na provincia de Ourense, pasando a estar constituída a rede de CIM por un total de 84 centros espallados por toda a xeografía galega, con representación nas catro provincias.

Porén, se temos en conta que unha parte dos CIM representan a unha mancomunidade ou a unha agrupación de municipios, conclúese que o número de concellos de Galicia que reciben a prestación dos servizos a través dos CIM é moi superior achegándose a un número total de 191 concellos de Galicia (61% do total de concellos de Galicia). Ademais en termos poboacionais a poboación total do ámbito territorial que abrangue os 84 CIM alcanza unha cifra total de 2.191.658 habitantes, que representa o 81% da poboación total.

Neste eido, o goberno autonómico mantén un programa de apoio aos CIM, mediante unha convocatoria anual de axudas para estes centros. No orzamento do ano 2020 convocáronse axudas para os CIM por un importe total de 4.836.766€ e no ano orzamento do 2021 o importe da convocatoria ascendeu a 4.959.894€, o cal amosa o compromiso do goberno autonómico no apoio ás entidades locais na prevención e loita contra a violencia de xénero, contribuíndo así ao financiamento e sostemento dos CIM como recurso de titularidade municipal.

Respecto dos recursos de acollemento, sinalar que ante a situación de indefensión na que se atopan moitas mulleres en situación de violencia de xénero, nalgúns casos con grave perigo para elas e os seus fillos e as súas fillas, a Xunta de Galicia ten articulada unha rede de casas de acollida, que están interconectadas entre si. En colaboración cos concellos e outras institucións vense prestando este servizo en distintas localidades das catro provincias galegas.

Así mesmo, mantense unha estreita colaboración con entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de dispositivos destinados á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata.

Por último, é preciso facer referencia a outros recursos de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, xa que a Secretaría xeral da Igualdade convocou no 2020 axudas e subvencións destinadas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o financiamento de programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, nas que un dos tipos



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:14
Nº Rexistro: 22111
Data envío: 20/09/2021 12:41:14.578

de programa subvencionados son os Programas de recursos integrais de atención personalizada e especializada para mulleres en situación de especial vulnerabilidade, pertencentes a un ou varios colectivos nos que concorra dita situación (entre os que están as vítimas de violencia de xénero).

Ademais, Galicia está adherida ao Protocolo Nacional de derivación entre as comunidades autónomas para a coordinación das súas redes de centros de acollida para as mulleres vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas.

No marco do Grupo de traballo 1, constituído dentro do Observatorio Galego da violencia de Xénero, levouse a cabo o deseño e redacción do Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, para facilitar a coordinación e colaboración entre as distintas entidades e axentes que interveñen no eido da violencia de xénero e garantir unha atención integral ás mulleres e menores que a sofren.

Como recurso complementario a este protocolo, a Secretaría Xeral da Igualdade, en colaboración coa AMTEGA, puxo en marcha o Mapa de recursos en liña na área da violencia de xénero. Na xuntanza do Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, do 20 de marzo de 2018, incorporáronse ao texto do Protocolo as achegas realizadas pola Fiscalía Xeral do Estado, e validouse definitivamente o dito Protocolo. Dentro do protocolo identificáronse propostas de mellora e recomendacións dirixidas a cada unha das áreas obxecto de estudo e análise. Así, establécense propostas no eido da formación e da capacitación nas áreas sanitaria, das forzas e corpos de seguridade, xurídica e social. Así mesmo, tamén se identifican propostas de actuación no eido da atención das mulleres e menores que sofren violencia de xénero, dirixidas a cada unha desas áreas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:41:14
Nº Rexistro: 22111
Data envío: 20/09/2021 12:41:14.578

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:41:10

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:54:21
Nº Rexistro: 22001
Data envío: 17/09/2021 11:54:21.365
Data 17/09/2021 11:54

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17452**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o censo único de persoas usuarias de residencias de maiores anunciado pola Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 162 do 29 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Optimizar os fluxos de información das residenciais e dos seus usuarios cun censo común constitúe un primeiro paso na remodelación da atención residencial e na integración sociosanitaria.

Este rexistro permitirá dispoñer dun axeitado control do número de usuarios dos centros de maiores e discapacidade autorizados pola Consellería de Política Social.

O censo materialízase mediante un rexistro informático das altas e baixas nos centros residenciais públicos e privados. Recollerá os datos de filiación do usuario, a data de ingreso así como a data e causa de baixa na residencia (falecemento, traslado, ou ingreso hospitalario).

Actualizarase diariamente e estará integrado informáticamente coas aplicacións tanto do sistema sanitario (historia clínica electrónica) como coa aplicación informática de xestión de centros residenciais públicos actual, ofertándose a conexión ás aplicacións informáticas de xestión de centros alleas“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:54:21
Nº Rexistro: 22001
Data envío: 17/09/2021 11:54:21.365

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2021 11:54:14

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 13:45:13
Nº Rexistro: 22059
Data envío: 17/09/2021 13:45:13.318
Data 17/09/2021 13:45

galiCiá

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17514**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a organización administrativa das subdireccións territoriais do Instituto Médico Legal de Galicia”**, (publicada no BOPG número 162 do 29 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“O Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) é un órgano da Administración de xustiza en Galicia que ten por misión prestar asistencia técnica aos tribunais, fiscalías e xulgados en materia de medicina forense, adscrito organicamente á Consellería competente en materia de Xustiza.

Pola súa misión o seu traballo deberá de estar ao que determinen as correspondentes autoridades xudiciais dentro do procedemento correspondente, polo que no seu funcionamento serán de aplicación as normas procesuais en xeral e as que determinen os actos de comunicación xudicial en particular.

Unha mellora propia de Galicia foi no 2011 a construción dun programa informático propio chamado Simelga, implantado pola Xunta de Galicia para facilitar a xestión dos procedementos do traballo forense (xeración de informes asociados a procedementos e valoracións, etc.), que permitiu a homoxeneización dos criterios de recollida de información en todas as áreas do Instituto e unha funcionalidade de comunicación coa cidadanía vía mensaxería sms.



Xacobeo 21-22






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 13:45:13
Nº Rexistro: 22059
Data envío: 17/09/2021 13:45:13.318



Polo que queda dito os aspectos sobre a organización na realización das citacións xudiciais para o recoñecemento forense no eido dun proceso xudicial, así como os criterios para a súa tramitación constitúen cuestións procesuais e de auto organización destes órganos ao corresponder coa natureza funcional do seu funcionamento.

No que atinxe á consideración sobre o cadro de persoal do Imelga indicar que desde a elaboración da súa inicial RPT producíronse distintos incrementos da súa dotación, tanto de médicos forenses, como de persoal auxiliar funcionario, máis psicólogos e traballadores sociais, sempre conforme coa exposición de necesidades por parte da Dirección do Instituto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 13:45:13
Nº Rexistro: 22059
Data envío: 17/09/2021 13:45:13.318

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2021 13:45:09

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 10:35:04
Nº Rexistro: 21978
Data envío: 17/09/2021 10:35:04.333
Data 17/09/2021 10:34

galiicia

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17563**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **“os motivos do Goberno galego para pedir a reversión da transferencia do centro de saúde de Betanzos para convertelo nun centro de día”**, (publicada no BOPG número 162 do 29 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego planifica a creación de novos centros para maiores en toda Galicia de acordo a un estudo previo das necesidades que existan en cada zona, pero sempre co obxectivo de dar unha resposta comarcal a esa demanda e que, polo tanto, non se cinga única e exclusivamente aos potenciais usuarios que teña un municipio en concreto.

Nos municipios da área coruñesa situados na contorna de Betanzos hai na actualidade cinco centros en funcionamento pertencentes á rede da Xunta de Galicia. Estes centros, que están pensados como equipamentos de carácter supramunicipal para dar servizo a usuarios de varios concellos, están situados en Culleredo, Oleiros, Curtis, Sada e Miño. Ademais, teñen unha capacidade máxima de 250 prazas, existindo na actualidade prazas dispoñibles.

Así mesmo, é importante ter en conta que o Concello de Betanzos conta cun centro de día de titularidade privada. Os usuarios que así o desexen e cumpran coas características necesarias poderán acollerse a un bono para facer fronte ao custe da praza.

De todos os xeitos, o Concello de Betanzos ten a posibilidade de promover e construír un centro de día de titularidade e xestión municipal, tal e como fan outros concellos (Porto do Son, Lousame...). Neste caso, a Xunta estaría en disposición de colaborar na súa construción mediante o financiamento da obra con fondos do Mecanismo Europeo de



Xacobeo 21-22






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 10:35:04
Nº Rexistro: 21978
Data envío: 17/09/2021 10:35:04.333



Recuperación e Resilencia do programa Next Generation, unha vez que sexan confirmados polo Goberno central.

Neste caso, a Xunta tamén colaboraría no financiamento deste centro a través das axudas públicas para todas as prazas mediante as libranzas vinculadas que recibirían os potenciais usuarios, ao igual que se fai co resto de centros de día de titularidade e xestión municipal que funcionan en Galicia“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 10:35:04
Nº Rexistro: 21978
Data envío: 17/09/2021 10:35:04.333

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2021 10:35:00

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 10:34:33
Nº Rexistro: 21975
Data envío: 17/09/2021 10:34:33.427
Data 17/09/2021 10:34

galicia

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17600**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto do permiso de maternidade e paternidade nas familias monoparentais”**, (publicada no BOPG número 162 do 29 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Respecto das familias monoparentais, a Comunidade Autónoma de Galicia abordou por primeira vez a regulación das familias monoparentais no capítulo II da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Este capítulo engloba aqueles grupos de familias, entre as que se atopan as familias monoparentais, que polas súas condicións especiais requiren un tratamento máis favorable e unha especial consideración por parte dos poderes públicos.

O artigo 13 da dita norma que recolle o concepto de familia monoparental, foi obxecto de modificación pola Disposición Derradeira Terceira da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia que revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual das familias e introduce o mandato de creación do Rexistro de Familias Monoparentais. Así mesmo, a lei 5/2021, do 2 de febreiro, contempla a especial consideración das familias monoparentais coa aprobación dun plan de apoio e co mandato de creación do Rexistro de Familias monoparentais, previsto na nova redacción dada ao 13.3 da lei 3/2011, de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia.

Porén, é necesario desenvolver aspectos da normativa en relación coa regulación das familias monoparentais dado que a regulación actual non detalla os requisitos e medios de acreditación necesarios para o recoñecemento en cada caso da condición de familia monoparental e o procedemento de emisión e expedición dos certificados de familia monoparental. A maior abundamento a nova regulación permitirá regular a creación do rexistro de familias monoparentais, desenvolvendo a súa organización e xestión.



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 10:34:33
Nº Rexistro: 21975
Data envío: 17/09/2021 10:34:33.427



Para realizar isto, a Xunta de Galicia realizou xa un proceso de consulta pública previa para a aprobación do futuro decreto que regulará o rexistro de familias monoparentais e o seu acceso. O desenvolvemento desta regulación posibilitará que se clarifique e desenvolva a normativa reguladora da condición de familia monoparental, permitindo que as familias poidan acceder ao recoñecemento da condición de familias monoparental e ser inscritas no rexistro creado pola norma, o que lles permitirá beneficiarse da acción protectora prevista para estas unidades familiares.

Neste sentido, a regulación da condición de familia monoparental (desenvolvemento do concepto de familia monoparental, requisitos de acceso, tipos de familia monoparental, límites de idade, documentación acreditativa, etc) ten o obxectivo de xerar seguridade xurídica e establecer un procedemento específico que unifique o acceso aos posibles beneficios que neste ámbito vaian xerando as distintas Administracións Públicas.

Sobre isto, desde a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, tense realizado nos últimos meses contactos coas distintas organizacións de familias monoparentais para fomentar a súa participación neste proceso, e froito deste traballo téñense recibido xa medio cento de achegas“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 10:34:33
Nº Rexistro: 21975
Data envío: 17/09/2021 10:34:33.427

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2021 10:34:22

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22330

Data envío: 21/09/2021 21:11:39.204

Data 21/09/2021 21:11

g

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 17610**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Luís Álvarez Martínez, sobre **“a previsión da Xunta de Galicia respecto da execución do desdoblamento total do corredor Nadela-Monforte de Lemos”**, (publicada no BOPG número 162 do 29 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A principios do ano 2017, a Axencia Galega de Infraestruturas iniciou a contratación para a redacción do proxecto de trazado, impacto ambiental e proxecto construtivo da primeira fase de desdoblamento da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito comprendido entre os enlaces da Pobra de San Xiao e Sarria centro. O obxecto da actuación é desdobrar o actual corredor C.G.-2.2 entre Nadela e Monforte de Lemos, no treito de 11,5 km de lonxitude que conecta o enlace A Pobra de San Xiao co enlace Sarria Centro.

Iniciar por este treito a conversión en autovía desta vía de altas prestacións débese á orografía complicada que presenta o tramo, con pendentes pronunciadas que reducen a velocidade dos vehículos e diminúen considerablemente as posibilidades de adiantamento, o que redunda nun menor nivel de servizo do viario, e que rexistra unha importante intensidade de tráfico polo que é máis necesario ampliar a súa capacidade.

A conversión en autovía deste treito está deseñada cos criterios técnicos esixentes e vai permitir facer o percorrido máis rápido, dun xeito máis seguro e con maior confort, xa que conta cunha velocidade de proxecto de 120 km/h.

O 9 de decembro de 2019 aprobouse o proxecto construtivo; o 13 de xaneiro de 2020 licitáronse as obras, que foron adxudicadas o 8 de xullo de 2020. O contrato asinouse o 16 de setembro de



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22330
Data envío: 21/09/2021 21:11:39.204

2020 e as obras iniciáronse o 17 de outubro de 2020. Na actualidade este tramo atópase en plena execución.

A previsión da Axencia Galega de Infraestruturas é licitar a redacción do proxecto construtivo do resto do treito, ata Nadela, neste ano 2021.

En canto ao treito entre Sarria e Monforte, está na planificación da Xunta de Galicia pero cunha previsión temporal máis alonxada que o treito entre Nadela e Sarria, por dúas razóns obxectivas claras, que a intensidade de tráfico entre Nadela e Sarria é de máis de 7.000 vehículos ao día en toda a súa lonxitude, mentres que entre Sarria e Monforte rolda unha media de 4.000 vehículos ao día e que o treito entre Sarria e Monforte conta con terceiros carrís para adiantamento en ambos sentidos de circulación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22330
Data envío: 21/09/2021 21:11:39.204

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2021 21:11:34

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 13:45:03
Nº Rexistro: 22058
Data envío: 17/09/2021 13:45:03.802
Data 17/09/2021 13:44



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17695**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“as medidas de seguridade e control de acceso nos edificios xudiciais de Galicia”**, (publicada no BOPG número 166 do 7 de xullo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Como indica a pregunta formulada, a vixilancia e seguridade nos edificios xudiciais en Galicia é desempeñada en virtude do convenio de colaboración que a tal fin vén asinando a Xunta de Galicia e o Ministerio do Interior desde 2006.

O obxecto destes convenios é aproveitar a experiencia dos efectivos da Forzas e Corpos de Seguridade do Estado na vixilancia e protección das instalacións e edificios da Administración de Xustiza en Galicia.

O obxectivo esencial do servizo é establecer a vixilancia e protección das sedes xudiciais en Galicia, entendendo esta seguridade globalmente, isto é, tanto no que se refire ás persoas coma no que se refire ao patrimonio e integridade do edificio. As unidades que prestan o servizo de vixilancia e protección atenden os requirimentos das autoridades xudiciais, sen prexuízo de que cando é preciso solicitar a colaboración doutros efectivos tamén efectúan a oportuna notificación á comandancia do mando correspondente, no caso da Garda Civil, ou á respectiva comisaría, no caso do Corpo Nacional de Policía.

CSV: BOPGDSPG9UJmIG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Xacobeo 21-22




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 13:45:03
Nº Rexistro: 22058
Data envío: 17/09/2021 13:45:03.802



A forza do servizo de vixilancia e protección ten por misión procurar minimizar ao máximo os danos que se poidan orixinar nas persoas ou bens, e en caso de agresión ou de feito delituoso tratan de deter, se isto é factible, aos autores, colaborando sempre cos corpos policiais competentes por razón de demarcación.

Ao longo destes anos a Xunta de Galicia foi dotando as distintas sedes xudiciais con medidas pasivas de seguridade de xeito progresivo, e conforme coas disponibilidades orzamentarias continuará con esta dotación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 13:45:03
Nº Rexistro: 22058
Data envío: 17/09/2021 13:45:03.802

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2021 13:44:57

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22329

Data envío: 21/09/2021 21:11:30.142

Data 21/09/2021 21:11

gali

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 18006**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización de obras de mellora da seguridade viaria na intersección da estrada AC-400 no seu quilómetro 11, no lugar das Paxareiras”**, (publicada no BOPG número 176 do 29 de xullo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Hai que puntualizar, en primeiro lugar, que a pregunta parlamentaria contén un erro no punto quilométrico asignado á intersección da AC-400 co vial dirección Arcos - Colúns no lugar das Paxareiras, concello de Mazaricos. O punto quilométrico correcto onde se sitúa o dito cruzamento é o 83+690 na marxe dereita.

No que respecta á sinistralidade, salientar que nos datos de accidentes correspondentes ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 15 de xullo de 2021, obtidos da Dirección Xeral de Tráfico, non figura ningún accidente asociado á intersección mencionada. Indicar tamén que non hai ningún treito de concentración de accidentes rexistrado na estrada AC-400 desde o 2016 ata o 2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22329
Data envío: 21/09/2021 21:11:30.142

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2021 21:11:26

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 22609

Data envío: 23/09/2021 14:05:24.396

Data 23/09/2021 14:05

g

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 6886**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para insonorizar o centro de saúde da Ponte ante a súa proximidade coa estación intermodal de Ourense”**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 6888, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 1 do BOPG número 192, do 26 de agosto de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22

Páxina 1 de 1

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
23/09/2021 14:05:20

81463

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 22609
Data envío: 23/09/2021 14:05:24.396

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/09/2021 14:05:20

CSV: BOPGDSPG9UJmG0B25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 6902**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a existencia dun plan de choque que rectifique as desigualdades que están a sufrir as mulleres por causa da covid-19”**, (publicada no BOPG número 73, do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia non é allea a que a pandemia da covid-19 está golpeando de maneira máis forte a uns grupos sociais que a outros e é coñecedora da súa responsabilidade porque ninguén se quede atrás no avance social e na consolidación socioeconómica da Comunidade Autónoma. Por ese motivo, a Xunta está a impulsar medidas diagnósticas e actuacións activas para atallar un problema social como é o impacto que está a ter a covid-19 nas mulleres galegas.

Neste sentido, a Consellería de Emprego e Igualdade, en cumprimento do seu deber co Parlamento galego, remitiu á Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19, seis informes dos cales catro conteñen, no seu total ou ben nalgunha das súas partes principais, a perspectiva de xénero:

- Informe sobre os centros de información ás mulleres da Secretaría Xeral da Igualdade (ano 2020).
- Informe sobre acción e avaliación da Secretaría Xeral da Igualdade durante a covid-19.
- Informe sobre o impacto de xénero da covid-19 e medidas a adoptar para paliar e corrixir as desigualdades entre mulleres e homes.
- Informe de análise do impacto da covid-19 no mercado laboral en Galicia.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22388
Data envío: 21/09/2021 21:21:43.704

